

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS POSTOS DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 9 DE XANEIRO DE 2023 (RISGA) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 22 do 1 de febreiro de 2023).

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Páxina | 1

Vista a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 9 de maio de 2023 ao abeiro da *Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación our risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 22 do 1 de febreiro de 2023)*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses, a xornada parcial, na modalidade de contrato de mellora da ocupabilidade e inserción laboral, de dous peóns forestais para a obra/servizo **RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL**, para a realización de traballos de limpeza e mellora de espazos públicos e de conservación medioambiental, co obxecto de porporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación de duas persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñible para o emprego.
2. A ocupación a ofertar será a de un peón forestal (código 9543), con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada parcial.

Mándao e asínao a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

